

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 12 DE MARZO DO 2026.

ASISTENTES:

Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE Membros que asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO MARIÑO DE BRICIO VICENTE	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Doce de Marzo do Dous mil vinte e seis, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 05/03/2026

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/138

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 04/03/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE AUTORIZACIONES PARA LA INSTALACIÓN Y EXPLOTACIÓN DE CHIRINGUITOS DE TEMPORADA EN TERRENOS MUNICIPALES PARA DAR SERVICIO A LOS USUARIOS DE LAS PLAYAS DEL AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA"

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/149

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 05/03/2026. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA



CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS "EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO QUE DESENVOLVE O NOVO POLÍGONO INDUSTRIAL DE RIBEIRA" – LOTE 3: PROXECTO DE URBANIZACIÓN"

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/152

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 05/03/2026. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS "EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO QUE DESENVOLVE O NOVO POLÍGONO INDUSTRIAL DE RIBEIRA" – LOTE 1: REDACCIÓN DEL NUEVO PROYECTO DE EXPROPIACIÓN"

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/155

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 06/03/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA LA EJECUCIÓN DEL PROYECTO DE OBRAS DE REMODELACIÓN DEL FRENTE LITORAL DEL PASEO DE LAS CAROLINAS Y ACCESIBILIDAD A LA PLAYA DE COROSO (PSTD-PRTR)"

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/174

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 09/03/2026. DECRETO: "ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE SERVICIOS DE IMPLANTACIÓN DE UNA PLATAFORMA TURÍSTICA INTELIGENTE (PSDT-PRTR)"

7.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE - Sergio Iglesias Mosconi Toucedo

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE PARA OFICIÑA NA CAL SE REALIZARÁN TAREFAS DE XESTIÓN ADMINISTRATIVAS DA EMPRESA MULTIBARBANZA** no lugar de Rúa Otero Pedrayo, nº 4 ,local 1, Ribeira e do que é promotor **D. SERGIO IGLESIAS MOSCONI TOUCEDO** (anterior titular: VIAJES HALCÓN S.A)

EXAMINADA a documentación que lle acompaña, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,



Visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo secretario xeral da Corporación, de data 03/11/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do cambio de titularidade da actividade de **OFICIÑA NA CAL SE REALIZARÁN TAREFAS DE XESTIÓN ADMINISTRATIVAS DA EMPRESA MULTIBARBANZA** no lugar de Rúa Otero Pedrayo, nº 4, local 1, Ribeira e do que é promotor **D. SERGIO IGLESIAS MOSCONI TOUCEDO** (anterior titular: **VIAJES HALCÓN S.A**)

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

8.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE – Rocío Martínez Bermúdez

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE** de actividade para **COMERCIO POLO MIUDO PRODUTOS ALIMENTICIOS** no lugar de Rúa Faro, nº 1 Corrubedo, Ribeira e do que é promotora Dna. **ROCÍO MARTÍNEZ BERMÚDEZ**, DNI nº ***838***. **DOMICILIO EN RÚA BUENOS AIRES, Nº 38, ÁTICO, A- RIBEIRA** (anterior titular: **"ANDREA CACHARRÓN PENA**, DNI nº ***895*** -Acordo Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro de 2022).

EXAMINADA a documentación que lle acompaña, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

Visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo secretario xeral da Corporación, de data 09/01/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:-INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do **CAMBIO DE TITULARIDADE** de actividade para **COMERCIO POLO MIUDO PRODUTOS ALIMENTICIOS** no lugar de **Rúa Faro, nº 1 Corrubedo, Ribeira** e do que é promotora **Dña. ROCÍO MARTÍNEZ BERMÚDEZ, DNI Nº ***838***- DOMICILIO EN RÚA BUENOS AIRES, Nº 38, ÁTICO, A- RIBEIRA** (anterior titular: **"ANDREA CACHARRÓN PENA, DNI nº ***895*** -Acordo Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro de 2022)**

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.



9.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE – Ainhoa Pérez Argibay

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE PARA LOCAL DE HOSTELERÍA** no lugar de **Rúa Manzanares, 28 BJ 15960, Ribeira** e do que é promotora **Dña. AINHOA PÉREZ ARGIBAY, DNI Nº ***992***- DOMICILIO EN RÚA FORNO 22-15966, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA (anterior titular: "ARANZAZU PÉREZ FALQUE" -Domicilio de Actividade: Rúa Manzanares, 28 BJ 15960, Ribeira)**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo secretario xeral da Corporación, de data 08/01/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:-INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do cambio de titularidade da actividade para **LOCAL DE HOSTELERÍA** no lugar de **Rúa Manzanares, 28 BJ 15960, Ribeira** e do que é promotora **Dña. AINHOA PÉREZ ARGIBAY, DNI Nº ***992***- DOMICILIO EN RÚA FORNO 22-15966, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA (anterior titular: "ARANZAZU PÉREZ FALQUE" -Domicilio de Actividade: Rúa Manzanares, 28 BJ 15960, Ribeira).**

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos



SEXTO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

10.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE – María Elena Álvarez Mariño

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE** para **COMERCIO POLO MIÚDO DE SEMENTES, ABONOS, FLORES E PLANTAS** (epígrafe IAE 659.7), no lugar de **Rúa de Galicia, nº 76, baixo, Ribeira (Solo Urbano Ordenanza 1ª6.2 Residencial Intensiva Colectiva de Manzana)** e da que é promotora **DNA. MARÍA ELENA ÁLVAREZ MARIÑO, DNI Nº ***514*** (anterior titular: Dna. Manuel Pérez Rivas, DNI nº 76511675-S), LICENCIA DECRETO DE ALCALDÍA DE 29 DE OUTUBRO DE 2002)**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña,

CONSIDERNADO que de conformidade co establecido na Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza, e en cumprimento do disposto no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade coa normativa vixente.

Visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo secretario xeral da Corporación, de data 05/02/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:-INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do cambio de titularidade da actividade para **COMERCIO POLO MIÚDO DE SEMENTES, ABONOS, FLORES E PLANTAS** (epígrafe IAE 659.7), no lugar de **Rúa de Galicia, nº 76, baixo, Ribeira (Solo Urbano Ordenanza 1ª6.2 Residencial Intensiva Colectiva de Manzana, en parcela con refª catastral nº 0719307NH0101N0002OG)** e da que é promotora **DNA. MARÍA ELENA ÁLVAREZ MARIÑO, DNI Nº ***514*** (anterior titular: Dna. Manuel Pérez Rivas, DNI nº 76511675-S), LICENCIA DECRETO DE ALCALDÍA DE 29 DE OUTUBRO DE 2002)**

SEGUNDO.- Proceder a rectificación dos rexistros municipais de acordo coa transmisión efectuada, no seu caso, notificándose tanto a transmitente como ao adquirente a presente resolución.

TERCEIRO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

CUARTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

-So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.

-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.



-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

11.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE – Sbai Tekrouri Soufiane

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE PARA CAFÉ-BAR** no lugar de **RÚA LINARES RIVAS Nº 3 ,RIBEIRA** e do que é promotor **D. SBAI TEKROURI SOUFIANE DNI Nº ***278***** (anterior titular: **LAURA FERNÁNDEZ GUDERREZ, EXP LICENCIA APERTURA, acordo Xunta Local Permanente de data 02/12/1974**)

EXAMINADA a documentación que lle acompaña, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo secretario xeral da Corporación, de data 13/01/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:-INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE** para **CAFÉ-BAR** no lugar de **RÚA LINARES RIVAS Nº 3 ,RIBEIRA** e do que é promotor **D . SBAI TEKROURI SOUFIANE DNI Nº ***278***** (anterior titular: **LAURA FERNÁNDEZ GUDERREZ, EXP LICENCIA APERTURA, acordo Xunta Local Permanente de data 02/12/1974**)

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

-So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.

-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26117 30.10.2025 BEATRIZ AGEITOS ALONSO, obras menores para apertura de local destinado a clínica fisioterapia, na rúa Escorial, nº 13, Ribeira. (2025 COMU000533)

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

25745 27.10.2025 PURIFICACIÓN GONZÁLEZ MARIÑO, peche parte norte da finca, no lugar de Saiñas, 2, Palmeira.

Así mesmo, se lle informa que, segundo o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 09/03/2026, na súa conclusión e proposta indica que:

* Antes de empezar os traballos avisarase o servizo de urbanismo – Delineación para que comproben a alienación.

* Según o Artigo 89: Viario y alienacións..... Alienacións mínimas: Cando no figuren en los planos de ordenación serán las seguintes:

- Para vías de tipo I 10 m. o eixo.

- Para vías de tipo II 8 m. o eixo..

- Para vías de tipo III 6 m. o eixo.

- Para resto de vías 4 m. o eixo.

- Para camiños peonís 2 m. o eixo.

Estas alienacións tendrán carácter obrigatorio.

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

30353 19.12.2025 DANIEL PAISAL BECERRA, cambio de tella, na rúa Numancia, 27, Palmeira.

15.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Francisco Javier Fernández Pazos

Visto o escrito presentado por **Francisco Javier Fernández Pazos**, de data 03/03/2026 (Registro de entrada nº 4.908), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3443916NH0134S0001JH, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 03/03/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3443916NH0134S0001JH, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

16.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Felipe Aguete Gómez

Visto o escrito presentado por **Felipe Aguete Gómez**, de data 03/03/2026 (Registro de entrada nº 4.919), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A045008230000KD, neste termo municipal.



Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 03/03/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A045008230000KD, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

17.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Miguel Ángel Fernández Alborés

Visto o escrito presentado por **Miguel Ángel Fernández Alborés**, de data 06/03/2026 (Rexistro de entrada nº 5.419), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A007008530000KL, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 10/03/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A007008530000KL, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

18.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Luz García Negreira

VISTO o expediente relativo á solicitude de **DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN** para parcela con ref catastral **1028513NH0112N**, Lugar de Avda da Coruña, Ribeira da que é promotora **Dna. MARÍA LUZ GARCÍA NEGREIRA**.

VISTO o informe emitido polo arquitecto municipal de data **10 de febreiro de 2026**

VISTO o informe emitido con data **3 de marzo de 2026** polo técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo.

VISTO o informe do **secretario xeral da Corporación** de data **4 de marzo de 2026**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:



PRIMEIRO:- En relación á solicitude presentada por **Dña. MARÍA LUZ GARCÍA NEGREIRA (DNI ***079***)**, en relación coa parcela con ref catastral **1028513NH0112N**, **Lugar de Avda da Coruña (Ribeira)**, **DECLARAR QUE NON É NECESARIO O OUTORGAMENTO DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN** polo outorgamento polo planeamento municipal de distinta cualificación urbanística, como son, solo urbano consolidado Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva en Manzana e solo urbano consolidado ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira.

SEGUNDO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles.

TERCEIRO.- Asimesmo a declaración de innecesariedade de segregación autorizada:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da declaración de innecesariedade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as autorizacións e licenzas municipais no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

CUARTO:- NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

19.- VAO PERMANENTE – José Francisco Mallo Mariño

Visto o escrito presentado por **José Francisco Mallo Mariño**, de data 04/03/2026 (Registro de entrada nº 5.090), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Cervantes, nº 29 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 08/03/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a José Francisco Mallo Mariño**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Cervantes, nº 29 (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da*



beirrarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.

20.- VAO PERMANENTE – Antonio Maceiras Gude

Visto o escrito presentado por **Antonio Maceiras Gude**, de data 03/03/2026 (Rexistro de entrada nº 4.904), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Valle Inclán, nº 28 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 08/03/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Antonio Maceiras Gude**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (2,30 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Valle Inclán, nº 28 (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirrarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

21.- PROPOSTA DE SINALIZACIÓN VIARIA NO CRUCE DAS RÚAS CANARIAS E GALICIA (RIBEIRA)

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 03/03/2026, relativa á sinalización viaria no cruce das rúas Canarias e Galicia (Ribeira), co fin de evitar eventuais atascos de vehículos moi longos, na que sinala:

“Visto a comparecencia na nosa Xefatura, na tarde do día 27 de xaneiro de 2026, de María Dolores Iglesias Martínez, na que detallou os danos causados, no edificio onde ten o seu domicilio e preside a súa comunidade de propietarios, por un camión tráiler que, ao maniobrar no cruce das rúas Canarias e Galicia, con intención de ir cara Padín porque de fronte, cara a avenida do Malecón, o sinal R-101 instalado ao carón do edificio da praza de abastos municipal o prohibe expresamente; e, logo de ser informada deste feito a alcadesa, atendendo a súa petición, así como, despois, pola concelleira Herminia Pouso, informo e suxiro o seguinte:

- *Os vehículos que circulen pola rúa Canarias cara o cruce coa rúa de Galicia, ao chegar a este punto, a sinalización existente só lles permite dirixirse cara Padín. Debido á configuración deste cruce, **os vehículos especialmente longos, tales como os autobuses e os camiións articulados, non dispoñen de espazo dabondo para xirar á esquerda** para incorporarse á rúa de Galicia sen remontar os bolardos que protexe a zona peonil **e mesmo evitar chocar co voladizo do edificio** situado inmediatamente á esquerda.*

*A circulación de ese tipo de vehículos longos pola rúa de Canarias é **moi escasa**; o treito a percorrer entre os cruces coa rúa de Galicia e da avenida do Malecón, se ben é moi curto, arredor de 30*



metros, tamén é estreito, polo que paso simultáneo de vehículos en dobre sentido só é posible se algunha das dúas partes ceden o paso ao contrario"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a proposta de sinalización viaria presentada pola Policía Local:

- Colocar no mencionado sinal de entrada prohibida situado ao carón do edificio da praza de abastos un cartel complementario coa seguinte lenda **"AGÁS VEHÍCULOS LONGOS, DE MÁIS DE 10M"**.
- Inmediatamente antes do cruce coa rúa de Galicia, na marxe dereita, un panel que conteña os sinais **P-25** (perigo, circulación en dobre sentido) e o **R-400c** coa indicación de **"Sentido obrigatorio de fronte os vehículos de lonxitude >10 m"**:



- No acceso á rúa Canarias desde a avenida do Malecón, un sinal R-6, de prioridade en sentido contrario, porque nos 15 primeiros metros hai espazo na marxe dereita onde apartarse para permitir o paso da circulación contraria.

22.- PROPOSTA DE MEDIDAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO LUGAR DE FRÍONS (RIBEIRA)

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 03/03/2026, relativa á adopción de medidas de mellora da seguridade vial no lugar de Frións (Ribeira), cun paso habilitado para o cruzamento da vía por parte de alumnos e veciños, nas inmediacións do IES Leliadoura (Frións-Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda APROBAR** a citada proposta e **SOLICITAR** á Deputación Provincial de A Coruña que acometa as medidas propostas pola Policía Local na estrada DP-7301 (P.Q. 1+050).

23.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Lucía Vilas Patiño (CLANDESTINO)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Lucía Vilas Patiño** en representación establecemento **"Clandestino"** (Ribeira), de data 06/03/2026 (Rexistro de entrada nº 5.391), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro **"Clandestino"** (Ribeira), o día 14/03/2026, en horario de 22:30 h. a 00:00 h.



24.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- A.M.C.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Brício, de data 06/03/2026, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **A.M.C.**, mediante escrito de data 23/02/2026.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 06/03/2026, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a A.M.C. unha axuda económica consistente na concesión dunha Renda Social Municipal por importe de **450,00 €/mes (Total 2.700 € - 6 meses)**, así como unha Tarxeta de Alimentación Vegalsa Erosky por importe de **200,00 €/mes (Total 1.200 € - 6 meses)**.

25.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS. EJERCICIO 2025

Vista a **Acta da reunión da Comisión Avaliadora das Subvencións a Clubs Deportivos do ano 2025**, de data 05/03/2026, na que se propón os beneficiarios do reparto das subvencións para a promoción de actividades deportivas. Exercicio 2025.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 09/03/2026.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

a) Aprobar a concesión das subvencións a clubs deportivos do ano 2025 conforme a seguinte relación:

CLUB	SUBVENCIÓN 2025
CIDADE DE RIBEIRA C.F.	20.000,00 €
SD XUVENTÚ AGUIÑO	15.000,00 €
CLUB DE REMO NÁUTICO DE RIVEIRA	14.280,80 €
CLUB ATLÉTICO OLEIROS	11.974,30 €
CARREIRA CLUB DE FÚTBOL	11.470,80 €
CLUB NATURAL SPORT VIDELGI	11.154,10 €
CLUB VOLEIBOL RIBEIRA	10.143,80 €
CLUB NÁUTICO DEPORTIVO RIVEIRA	8.982,70 €
CLUB KEMPO BARBANZA	7.612,50 €
CLUB PÁDEL RIBEIRA	5.003,70 €
CLUB PATINAXE RIVEIRA	4.858,50 €
ESCUELA DE BOXEO EL CANARIO	4.784,60 €
CLUB BALONMÁN RIBEIRA	4.246,90 €
CLUB NATACIÓN RIVEIRA	3.773,70 €
CLUB DEPORTIVO ARTES	3.342,40 €
CLUB BALONCESTO RIVEIRA	2.909,60 €
CLUB STA UXÍA ATLETISMO	2.539,00 €
CLUB KENPO KARATE RIBEIRA	2.304,20 €
CLUB AS MIÑOTEIRAS	1.950,70 €
CLUB PALMEIRA	1.667,70 €
CLUB BALONCESTO BARBANZA	1.500,00 €
CLUB WINDSURF 4 VENTOS	500,00 €
	150.000,00 €

b) Haberá un prazo de 5 días hábiles para facer alegacións, contados a partir do día seguinte da publicación deste acordo provisional no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello. Unha vez rematado este prazo, o acordo pasará a ser firme.

c) O prazo de xustificación será dun mes contando a partir do día seguinte da publicación da aprobación definitiva de concesión. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

26.- SOLICITUDE OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO PARA A REALIZACIÓN DE PAELLA BENÉFICA CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN DE PASAFANEQUEIRAS – Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna

Visto o escrito presentado por Virginia Novoa Álvarez en representación da **Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna**, de data 08/03/2026 (Rexistro de entrada nº 5.435), no que solicita autorización para ocupación da Rúa Alcalá Galiano (Ribeira) o día 25/04/2026, en horario de 09:00 h. a 17:00 h., para a realización dunha paella benéfica co motivo da celebración de Pasafanequeiras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a ocupación da Rúa Alcalá Galiano (Ribeira) o día 25/04/2026, en horario de 09:00 h. a 17:00 h., para a realización dunha paella benéfica co motivo da celebración de Pasafanequeiras.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

27.- SOLICITUDE OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO PARA A CELEBRACIÓN DE PASAFANEQUEIRAS E FOLIADA FINAL – Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna

Visto o escrito presentado por Virginia Novoa Álvarez en representación da **Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna**, de data 08/03/2026 (Rexistro de entrada nº 5.436), no que solicita autorización para ocupación da Praza de Teruel (Ribeira) o día 25/04/2026, en horario de 21:00 h. a 01:00 h., co motivo da celebración de Pasafanequeiras e Foliada Final.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a ocupación da Praza de Teruel (Ribeira) o día 25/04/2026, en horario de 21:00 h. a 01:00 h., co motivo da celebración de Pasafanequeiras e Foliada Final.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



28.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA COMISIÓN DA TRANSPARENCIA DE GALICIA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución da **Comisión da Transparencia de Galicia** na reclamación presentada por José Luis Abad Seoane, ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, pola que se acorda estimar a reclamación presentada en data 27/11/2025 contra desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada ante o Concello de Ribeira en data 26/10/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Dar traslado desta resolución ao Departamento de Persoal e aos Servizos Económicos Municipais para que procedan a elaborar o correspondente informe e se remita á Comisión da Transparencia de Galicia.

29.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN Á “ASOCIACIÓN GALEGA DA ENFERMIDADE DE DENT”, PARA A REALIZACIÓN DA 3ª ANDAINA SOLIDARIA “UN RAI DE LUZ”, EN FAVOR DA INVESTIGACIÓN DA ENFERMIDADE DE DENT

LOGO DE VER que Dña. María del Mar Castela Fraga, en representación da “Asociación Galega da Enfermidade de Dent”, presenta escrito de datas 01-01-2026, con número de rexistro de entrada municipal 171, solicitando:

“PERMISO E AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA 3ª EDICIÓN DA ANDAINA SOLIDARIA “UN RAI DE LUZ” EN FAVOR DA INVESTIGACIÓN DA ENFERMIDADE DE DENT PARA O VINDEIRO 21 DE MARZO DE 2026 A ÚLTIMA HORA DA TARDE (AÍNDA POR DETERMINAR) DESDE RIBEIRA ATA O MIRADOR DA PEDRA DA RÁ. SOLICITAMOS A COLABORACIÓN DA CONCELLERÍA DE DEPORTES, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL.”

Consultados os organizadores do evento, argumentan:

- Que a saída e chegada da andaina será na Praza de España, polo que solicitan poder ocupar o citado espazo para a montaxe da infraestrutura necesaria(unha carpa de 3x3 metros) así coma da saída e chegada da proba, durante a tarde (de 17 a 21 horas aproximadamente).*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
- Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:

“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 09-03-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 09-03-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Conceder autorización á “Asociación Galega da Enfermidade de Dent” para realizar a 3ª Edición da Andaina Solidaria “Un Raio de Luz”, en favor da enfermidade de Dent, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **21 de marzo de 2026** de 17.00h. a 21.00h.. Non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- Dar traslado ao GAEM e á Policía Local de Ribeira da celebración do evento (a colaboración destes corpos no desenvolvemento da proba será acordada en reunión cos organizadores da actividade).
- Autorizar a ocupación da Praza de España, de 17.00 a 21.00 horas, coma punto de montaxe de infraestrutura así coma da saída e chegada da proba.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

30.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DUN MERCADIÑO SOLIDARIO - AGAPE

Visto o escrito presentado por Ana Ruth Arnoso Fernández en representación da **Asociación Galega para o Acompañamento Persoal e Educativo (AGAPE)**, de data 09/03/2026 (Rexistro de entrada nº 5.551), no que solicita autorización para a celebración dun mercadiño solidario (20 m²) coa instalación de 3/4 mesas, na Avenida Rosalía de Castro (Ribeira), o día 28/03/2026, en horario de 09:30 h. A 14:00 h.; así como a cesión de uso de 4 mesas pregables.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dun mercadiño solidario (20 m²) coa instalación de 3/4 mesas, na Avenida Rosalía de Castro (Ribeira), o día 28/03/2026, en horario de 09:30 h. A 14:00 h.
- Autorizar a cesión de uso de 4 mesas pregables.
- Deberán poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado mercadiño solidario.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



31.- SOLICITUDE DE CESIÓN DO POLIDEPORTIVO ALCALDE TORRES COLOMER Á ESCOLA DE BOXEO "EL CANARIO", PARA A CELEBRACIÓN DA XIV VELADA DE BOXEO CIDADE DE RIBEIRA

LOGO DE VER que D. Israel Benítez Somoza, en representación da escola de boxeo "El Canario", presenta escrito de data 15/01/2026; con número de rexistro de entrada municipal 1.080, solicitando:

"LA UTILIZACION DEL PABELLON TORRES COLOMER DURANTE EL DIA 28/03/2026, EN HORARIO DE TARDE/NOCHE CON MOTIVO DE LA CELEBRACION DE LA XIV VELADA DE BOXEO CIUDAD DE RIBEIRA. ADEMAS SOLCITAMOS QUE NOS FACILITEN 10 VALLAS DE CONTROL, 2 MESAS Y BOTELLINES DE AGUA PARA LOS PARTICIPANTES."

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
"Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
3. O pavillón Alcalde Torres Colomer non ten actividade programada para a data solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 10-03-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 10-03-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a cesión do polideportivo Alcalde Torres Colomer á Escola de Boxeo "El Canario", para a celebración da "XIV Velada de Boxeo Ciudad de Ribeira", cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais", o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para o **sábado 28 de marzo de 2026 ao longo de toda a tarde** (de 14.00 horas ata o remate do evento).
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).



- **Ceder 10 vallas de separación e 2 mesas** para o desenvolvemento do evento.
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local e o GAEM de Ribeira.

32.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE RIBEIRA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL

Vista a proposta do Técnico Informático Municipal (Departamento de Informática e Novas Tecnoloxías), Ramón Martínez Becerra, de data 11/03/2026, no que solicita a adhesión do Concello de Ribeira ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital; co fin de ter un concello máis seguro en materia de ciberseguridade e na adecuación do noso Concello a normativa para a mellora da seguridade nos distintos ámbitos normativos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Primeiro.- Aprobar** a adhesión do Concello de Ribeira ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital.
- **Segundo.- Facultar** ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

